

INFORMA MESA XERAL EXTRAORDINARIA, DO 16-10-14

Punto único da orde do día: Estudio anteproxecto relativo á masa salarial do capítulo I do proxecto de orzamentos da Xunta de Galicia para 2015.

O Director Xeral de Orzamentos fai unha exposición da evolución dos orzamentos para 2015, indicando que conteñen incrementos nas Consellerías de Xustiza, Educación e Traballo, esta última como consecuencia da creación da Axencia Galega de Servizos Sociais. No seu conxunto supoñen un incremento do 0,5 % sobre os orzamentos de 2014.

Dende a UGT manifestamos que esta xuntanza é unha mera reunión informativa verbal, dado que non fixeron entrega de ningunha documentación. En ningún momento desenvolvéronse os principios que deben garantir o correcto exercicio do dereito á negociación colectiva, conforme ao EBEP. E tampouco outorgouse á Mesa o protagonismo que esta mesma lei lle confire.

A nosa Organización amosou a súa total desconformidade con esta forma de actuar, por parte da Administración.

Solicitamos, así mesmo, documentación e información sobre o abono da paga extraordinaria, suprimida, do ano 2012, e sobre os complementos específicos das pagas extraordinarias de 2013 e 2014; e saber que vai a acontecer coa anualidade de 2015.

Reclamamos que as Ofertas de Emprego Público deben ser do 100%. A Administración debe cubrir todas as baixas que se produzan, e non soamente o 50% en determinados corpos.

O Director Xeral aclara que o pago das extraordinarias de 2015 será como no 2014; que no referente á percepción da extra de 2012, abonarán a metade do devengado, en 2015 e o outro 50% en 2016 (están a falar dos 44 días para funcionarios e os 14 para laborais).

Indica que se está a executar os restos da OPE en 2014, e que a previsión para 2015 é ofertar o máximo do 50 % para os colectivos que o Estado permite.

UGT considera insuficiente a devolución remunerativa proposta. Para nada se citan as previsións da Xunta no que respecta ao abono restante que complete a totalidade da extra de 2102 (o Goberno da Xunta "fixo caixa" cos empregados públicos, por un importe moi superior ao que agora se limita a devolver. Ademais trátase de unha contía que non se consolida nas retribucións ordinarias, ao ser devolución de algo que nos quitaron con anterioridade); nin tampouco falan da restitución do complemento específico de 2013, nin dos complementos do persoal laboral equivalentes.

FSP - UGT	DIRECCIÓN	TELÉFONO	FAX	E-MAIL
Galicia	Miguel Ferro Caaveiro, 12 - 1º - 15707 - Santiago	981 572 820	981 570 878	galicia@fspugtgalicia.org
San Caetano	Edif. San Caetano - Locais Sindicais - Santiago	981 545 988	981 545 281	uxt.sancaetano@xunta.es
A Coruña	Edif. Servizos Múltiples Monelos - Locais Sindicais	981 185 989	981 184 696	ugt.monelos@xunta.es
A Coruña	Fdez. Latorre, 27 - 3º - 15006	981 248 471	981 249 041	coruna@fspugtgalicia.org
Ferrol	Carmen, 45 - 2º - 15402	981 356 127	981 356 127	fspferrol@galicia.ugt.org
Lugo	Ronda de la Muralla, 58 - 1º - 27003	982 231 207	982 251 028	lugo@fspugtgalicia.org
Ourense	Parque S. Lázaro, 12 - 1º - 32003	988 238 353	988 238 207	fsp@fspugtourense.com
Pontevedra	Pasantería, 1 - 2º - 36002	986 847 844	986 855 794	autonomicapontevedra@mundo-r.com
Vigo	García Barbón, 67 - 6º - 36201	986 221 918	986 433 799	fspugtpontevedra@mundo-r.com

Dende a UGT consideramos que o feito de non cubrir os efectivos necesarios, xa sexa mediante a OPE ou a cobertura temporal de postos, non só provoca destrución de emprego público, senón unha mingua na calidade dos servizos.

En definitiva, o anteproxecto de orzamentos 2015 continúa a senda de anos anteriores: agravando aínda máis a perda de poder adquisitivo dos/as empregados/as públicos e fomentando a destrución de emprego. Non recoñecendo o esforzo e profesionalidade dos traballadores, que están pasando un período negro na súa situación socioeconómica.

Por todos estes motivos, UGT vese na obriga de rexeitar os orzamentos do Capítulo I, presentados pola Administración



FSP - UGT	DIRECCIÓN	TELÉFONO	FAX	E-MAIL
Galicia	Miguel Ferro Caaveiro, 12 - 1º - 15707 - Santiago	981 572 820	981 570 878	galicia@fspugtgalicia.org
San Caetano	Edif. San Caetano - Locais Sindicais - Santiago	981 545 988	981 545 281	uxt.sancaetano@xunta.es
A Coruña	Edif. Servizos Múltiples Monelos - Locais Sindicais	981 185 989	981 184 696	ugt.monelos@xunta.es
A Coruña	Fdez. Latorre, 27 - 3º - 15006	981 248 471	981 249 041	coruna@fspugtgalicia.org
Ferrol	Carmen, 45 - 2º - 15402	981 356 127	981 356 127	fspferrol@galicia.ugt.org
Lugo	Ronda de la Muralla, 58 - 1º - 27003	982 231 207	982 251 028	lugo@fspugtgalicia.org
Ourense	Parque S. Lázaro, 12 - 1º - 32003	988 238 353	988 238 207	fsp@fspugtourense.com
Pontevedra	Pasantería, 1 - 2º - 36002	986 847 844	986 855 794	autonomicapontevedra@mundo-r.com
Vigo	García Barbón, 67 - 6º - 36201	986 221 918	986 433 799	fspugtpontevedra@mundo-r.com